

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032391	Santiago	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0815	Xestión da conservación do medio natural	2024/2025	4.6	123	147

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN CARLOS DOCE CARUNCHO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo formativo desenvólvese dentro do Decreto 170/2012, do 12 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de programación do uso público, programación, protección e conservación do medio natural.

Estas funcións abranguen aspectos como:

- Control do uso público.
- Control do dominio público.
- Traballos de inventario forestal e de flora e fauna.
- Control das especies de flora e fauna do medio natural.
- Supervisión do equipamento e da realización de obras no medio natural.
- Control dos residuos e vertidos no medio natural.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Espazos naturais protexidos.
- Centros de recuperación, xardíns botánicos e centros de cría en cautividade.
- Medio natural.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais g), h), l), m), n), ñ), o), p), q), r), s) e u) do ciclo formativo, e as competencias g), h), l), m), n), ñ), o), p), q) e s).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Control do uso público, os equipamentos e as obras de acondicionamento e preparación do medio natural.
- Realización de operacións de control e vixilancia dos límites públicos e vías pecuarias no medio natural.
- Control das especies animais e vexetais do medio natural.
- Colaboración cos técnicos responsables para manter o equilibrio ecolóxico e promover a súa conservación e recuperación.
- Supervisión da xestión de residuos no medio natural.
- Protección do patrimonio paleontolóxico e histórico situado no medio natural.

- Manexo de catálogos, documentación e outras fontes de información en lingua estranxeira.
- Cumprimento das normas ambientais, de montes, de benestar animal, de construcións no medio natural, de patrimonio e de riscos laborais.
- Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio cultural da sociedade.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título referido ó módulo de Xestión da Conservación do Medio Natural son as que se relacionan:

-Controlar e protexer o medio natural, e verificar que as actuacións que se leven a cabo se realicen consonte a lexislación.

1. Cualificacións profesionais incompletas incluídas no título referidas a este módulo:

e) Control e protección do medio natural, SEA030_3 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro).

UC0083_3: controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público.

UC0085_3: controlar o aproveitamento dos recursos cinexéticos e piscícolas.

UC0086_3: vixiar e colaborar nas operacións de restauración, mantemento, ordenación e defensa dos recursos naturais.

Contorno profesional:

1. As persoas con esta titulación exercen a súa actividade na área de xestión de grandes, medianas e pequenas empresas, públicas ou privadas, tanto por conta allea como por conta propia, dedicadas á xestión forestal, á cinexético-piscícola, á de viveiros forestais, ao desenvolvemento de programas de educación ambiental, á información, comunicación, formación, interpretación e actividades de acompañamento e guía no medio socio-natural, e ao control e a vixilancia do medio natural e os seus recursos. Tamén exercen a súa actividade nos servizos de extinción de incendios forestais dependendo das administracións públicas. Así mesmo, teñen capacitación para organizar, controlar e realizar tratamentos praguicidas segundo a actividade regulada pola normativa.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables referidas ó módulo son os seguintes:

- Encargado/a de parque natural, reserva de caza da Administración, coto público, etc., tanto da Administración como de universidades e centros de investigación.
- Traballador/ora especializado/a en actividades de control legal de depredadores ou especies invasoras.
- Garda de espazos naturais.
- Educador/a ambiental.
- Monitor/a da natureza.

Prospectiva do título no sector ou nos sectores:

1. Na sociedade actual incrementouse de xeito importante a preocupación polos problemas relativos á conservación do patrimonio natural e da biodiversidade. Entre estes aspectos destacan a globalización dos problemas ambientais, os efectos do cambio climático, a presión sobre os recursos naturais e o seu esgotamento, a desaparición de especies de flora e fauna silvestre, e a degradación de espazos naturais de interese. Isto dálle maior relevancia á protección dos espazos naturais, configurándoa como unha das ferramentas básicas para a

conservación, o uso sustentable, a mellora e a restauración do patrimonio natural e da biodiversidade.

Neste sentido, e segundo datos de 2016 do MAPAMA, a superficie de espazos naturais protexidos sobre o total da superficie de España rolda xa o 14,47%.

Todo iso xustifica a aparición de persoal profesional con titulación neste sector.

2. Igualmente, cómpre sinalar que a superficie forestal en España supera a metade do seu territorio, e destaca especialmente a superficie de bosques explotables. Aproximadamente o 37% da superficie terrestre de España está ocupada por bosques. Según os indicadores ambientais de 2015 presentados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o 40,5% da superficie forestal en España está protexida (11,2 millóns de ha), e de esta, a maior parte -7,4 millóns de hectáreas- está arborada, mentras que aproximadamente o 70% da superficie protexida é forestal.

3. Se comparamos as diversas edicións do Inventario Forestal Nacional, pódese apreciar unha mellora cuantitativa e cualitativa das masas arboradas, aumentando a biodiversidade, os traballos silvícolas, as repoboacións, a prevención de incendios e a mellora da madeira.

4. Ademais, o sector forestal, que é unha vea de emprego rural ao evitar o despoboamento e o abandono do campo, contribúe á xeración de riqueza e á protección da biodiversidade, revitalizando o medio natural. Xa que logo, a actividade cinexética e piscícola debe basearse na sustentabilidade ecolóxica e na viabilidade económica, é dicir, no mantemento a longo prazo tanto da poboación explotada como do ecosistema en que se acha, así como en xerar riqueza e emprego no medio rural. Só unha adecuada xestión deses recursos pode conseguir tales obxectivos.

5. As innovacións neste sector diríxense ó fomento dos produtos ecolóxicos, da produción de biomasa como combustible, á mellora tecnolóxica de máquinas, ferramentas e equipamentos, ao uso das novas tecnoloxías da información e á certificación forestal. Cun incremento de 93.736 novas hectáreas, a superficie forestal certificada PEFC en España segue medrando, acadando un total de 1.960.777 hectáreas.

6. Actualmente a preocupación polos problemas ambientais fai que as administracións apoiem iniciativas dirixidas á educación ambiental como recurso para concienciar a poboación. Deste xeito, xorden pequenas empresas en zonas rurais que posibilitan a contratación de persoas do contorno. Nesta liña, a rede de espazos naturais protexidos dá lugar a unha interesante oferta de lecer, tempo libre e turismo activo, que precisa persoal cualificado que coñeza e interprete o medio.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Espazos Naturais e instrumentos de protección.	Describir os Espazos Naturais os seus usos, tipoloxía, zonificación e equipamentos. Analizar os instrumentos de protección: Inventarios do Estado. Plans Estratéxicos. Plans de Ordenación dos Recursos Naturais. Programas Sectoriais.	25	15
2	Xestión do uso público.	Definir a xestión do fluxo de visitantes, programas de uso público. Caracterizar a información e asesoramento a visitantes. Describir os impactos e danos. Analizar a Normativa Ambiental.	25	15
3	Vixiancia do Dominio público	Describir concepto de dominio público. Caracterizar tipos de vías pecuarias, procedemento de deslindamentos, ocupacións ou aproveitamentos. Analizar achados paleontolóxicos, pautas de control de recoleccións non autorizadas e Normativa Ambiental.	25	20

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
4	Control da flora e fauna do medio natural	Describir a organización de recursos para os traballos de planificación da inventariación e seguimento do hábitat natural. Analizar niveis de protección, estado sanitario. Definir as capturas de animais e os seus destiños, especies exóticas e os métodos de eliminación. Identificar actividades restrinxidas e non autorizadas. Describir traballos en centros de recuperación, xardíns botánicos e centros de cría.	28	20
5	Equipamentos e obras no medio natural	Definir recursos, equipamentos, sinalizacións, métodos de deseño de sendeiros. Definir as obras no medio natural, medios, materiais, impacto, maquinaria e Normativa Ambiental.	24	15
6	Control de residuos e verquidos no medio natural	Describir fontes de contaminación e os seus procesos. Analizar toma e identificación de mostras. Definir tipos de informes de control de residuos, caudais circulantes e equipamentos. Caracterizar as auditorías e a Normativa Ambiental.	20	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Espazos Naturais e instrumentos de protección.	25

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Controla o uso público do medio natural, para o que analiza os instrumentos de planificación e xestión.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterízouse a tipoloxía dos espazos naturais.
CA1.2 Caracterizáronse os instrumentos de protección dos espazos naturais.
CA1.7 Aplícase a normativa ambiental, a normativa específica de uso público e a de prevención de riscos laborais.

4.1.e) Contidos

Contidos
Espazos naturais. Características dos usos. Tipoloxía. Reservas. Áreas de espaxemento. Zonificación e equipamentos.

Contidos
Instrumentos de protección dos espazos naturais. Inventario Español do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, Plan Estratégico Estatal do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, plans de ordenación dos recursos naturais (PORN): outros instrumentos. Programas sectoriais de uso público, de conservación, de desenvolvemento sustentable, etc.
Normativa ambiental, de montes, de patrimonio e de prevención de riscos laborais.
Organización de recursos humanos e materiais necesarios para realizar os traballos de planificación e realización das operacións de inventariación e seguimento do hábitat natural.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Xestión do uso público.	25

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Controla o uso público do medio natural, para o que analiza os instrumentos de planificación e xestión.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Planifícase a xestión do fluxo de visitantes.
CA1.4 Interpretáronse programas de uso público.
CA1.5 Informáronse e asesoráronse visitantes.
CA1.6 Supervisáronse as actividades das persoas visitantes.
CA1.7 Aplícase a normativa ambiental, a normativa específica de uso público e a de prevención de riscos laborais.

4.2.e) Contidos

Contidos
Xestión do fluxo de visitantes. Obxectivos de planificación. Obxectivos para o visitante. Estudo do fluxo de visitantes. Capacidade de acollemento.

Contidos
Programas de uso público: uso, seguridade, vixilancia, etc. Recursos naturais (hábitat, fauna, etc.). Recursos culturais: localización, deseño e tipoloxía.
Información e asesoramento a visitantes. Técnicas de comunicación: visual, oral e escrita. Materiais e equipamentos. Documentación exixible a visitantes. Zonificación de espazos protexidos. Consultas e reclamacións. Rexistros.
Impactos e danos producidos polas actividades de visitantes. Precaucións e medidas que cómpre adoptar para evitar ou reducir os danos. Corrección do impacto e dos danos causados. Técnicas.
Normativa ambiental, de montes, de patrimonio e de prevención de riscos laborais.
Equipamento para a conservación do medio natural e sinalizacións: tipos e características.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Vixiancia do Dominio público	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Vixía o dominio público, para o que interpreta os métodos e as técnicas de control.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Caracterizouse o dominio público forestal, o hidráulico e o marítimo-terrestre.
CA2.2 Caracterizáronse as vías pecuarias.
CA2.3 Describiuse o procedemento de apeo e deslindamento do dominio público.
CA2.4 Supervisouse a ocupación ou o aproveitamento do dominio público hidráulico e marítimo-terrestre.
CA2.5 Controláronse os trámites para obter autorizacións e concesións, e describiuse o procedemento de denuncia.
CA2.6 Identificáronse os puntos para seguir na realización de informes sobre os achados paleontolóxicos.

Criterios de avaliación

CA2.7 Establecéronse as pautas para evitar a recolección non autorizada de restos históricos ou paleontolóxicos, a súa deslocalización, a súa deterioración ou a súa destrución.

CA2.8 Aplícase a normativa ambiental, a específica de dominio público, a de montes, a de patrimonio e a de prevención de riscos laborais.

4.3.e) Contidos
Contidos

Dominio público: concepto.

Vías pecuarias: caracterización e tipos.

Apeo e deslindamento: procedemento.

Ocupación ou aproveitamento: pagamento do canon.

Autorizacións e concesións. Procedementos de denuncia. Medidas preventivas.

Achados paleontolóxicos: estudos prospectivos; procedemento de extracción; informes; localización, características e titularidade do solo; posibles ameazas.

Pautas para evitar a recolección non autorizada, a súa deslocalización, a súa deterioración e a súa destrución.

Normativa ambiental, de benestar animal, de montes e de prevención de riscos laborais.

Normativa ambiental, de benestar animal, de montes e de prevención de riscos laborais.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Control da flora e fauna do medio natural	28

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Controla as especies de flora e fauna, tendo en conta a relación entre as técnicas e a especie.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Coordináronse e organizáronse os recursos humanos e materiais no control das especies de flora e fauna do medio natural.
CA3.2 Analizáronse os niveis de protección das especies vexetais e animais.
CA3.3 Vixiouse o estado sanitario das especies animais do espazo natural.
CA3.4 Descríronse os métodos de localización e eliminación de exemplares de especies exóticas de flora e de fauna.
CA3.5 Detalláronse os procedementos de denuncia e adopción das medidas preventivas en caso de espolio, tenza non autorizada, etc.
CA3.6 Descríronse os traballos nos centros de recuperación, xardíns botánicos e centros de cría en cativeiro.
CA3.7 Aplícase a normativa ambiental, a de benestar animal, a de montes e a de prevención de riscos laborais.

4.4.e) Contidos

Contidos
Organización de recursos humanos e materiais necesarios para realizar os traballos de planificación e realización das operacións de inventariación e seguimento do hábitat natural.
Niveis de protección das especies vexetais e animais. Listas de protección: en perigo de extinción, vulnerables, etc. Identificación das especies ameazadas ou protexidas.
Estado sanitario das especies animais do espazo natural. Detección e manipulación de animais e plantas con afeccións patolóxicas. Informes sobre as especies e o estado das súas poboacións.
Captura de animais. Procedemento de sacrificio ou traslado ao centro de recuperación ou laboratorio.
Especies exóticas que ameazan as autóctonas. Localización e eliminación: métodos.
Espolio, tenza non autorizada, recolección, exposición pública, naturalización, tráfico e comercio. Denuncia. Medidas preventivas.
Traballos en centros de recuperación, xardíns botánicos e centros de cría en cativeiro.
Normativa ambiental, de benestar animal, de montes e de prevención de riscos laborais.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Equipamentos e obras no medio natural	24

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Supervisa o equipamento e a realización de obras no medio natural, e describe as técnicas de dirección de obras.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Coordináronse e organizáronse os recursos humanos e materiais na supervisión do equipamento e na realización de obras no medio natural.
CA4.2 Analizáronse os equipamentos para a conservación do medio natural.
CA4.3 Supervisouse a colocación e a instalación dos recursos de sinalización e equipamento.
CA4.4 Interpretáronse proxectos de obras no medio natural.
CA4.5 Comprobouse que os medios que se vaian utilizar estean dispoñibles e en condicións de uso.
CA4.6 Organizouse o abastecemento de materiais en lugares que non produzan impacto.
CA4.7 Seleccionouse e supervisouse a utilización da maquinaria, as ferramentas e os equipamentos.
CA4.8 Aplicouse a normativa ambiental, a de montes, a de contaminación no medio natural, a de obras e a de prevención de riscos laborais.

4.5.e) Contidos

Contidos
Vías pecuarias: caracterización e tipos.

Contidos
<p>Coordinación e organización dos recursos humanos e materiais na supervisión do equipamento e na realización de obras no medio natural.</p> <p>Equipamento para a conservación do medio natural e sinalizacións: tipos e características.</p> <p>Sinalización e equipamento: colocación e instalación. Materiais e elementos construtivos: materiais rústicos tradicionais da zona; características. Normas de calidade dos materiais.</p> <p>Deseño de sendeiros e itinerarios. Trazado e sinalización dos itinerarios de visita. Materiais e maquetas.</p> <p>Obras no medio natural. Interpretación de proxectos e planos de construcións. Obras de apoio, acondicionamento e seguridade. Condicións do medio.</p> <p>Medios para a realización de obras. Condicións de uso correcto.</p> <p>Abastecemento de materiais. Impacto. Accións preventivas e correctoras.</p> <p>Maquinaria, ferramentas e equipamentos: selección, uso e regulación.</p> <p>Normativa ambiental, de montes, de contaminación no medio natural, de obras e de prevención de riscos laborais.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Control de residuos e vertidos no medio natural	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Supervisa o equipamento e a realización de obras no medio natural, e describe as técnicas de dirección de obras.	NO
RA5 - Controla os residuos e os vertidos no medio natural, para o que analiza os protocolos e a normativa de actuación.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.8 Aplícase a normativa ambiental, a de montes, a de contaminación no medio natural, a de obras e a de prevención de riscos laborais.
CA5.1 Identifícanse os contaminantes no medio físico de espazos naturais.

Criterios de avaliación
CA5.2 Valoráronse os procesos de contaminación no medio físico de espazos naturais.
CA5.3 Recolléronse as mostras de distintos tipos de vertidos e residuos, solos, vexetais e animais do medio natural.
CA5.4 Identificáronse as mostras e enviáronse para a súa análise.
CA5.5 Elaboráronse informes para o control da xestión de residuos.
CA5.6 Estimáronse os caudais circulantes nun curso de auga e en vasos de acumulación.
CA5.7 Comprobouse o funcionamento dos equipamentos automáticos dispostos polas empresas xeradoras de residuos.
CA5.8 Aplicouse a normativa ambiental, a de montes e a de prevención de riscos laborais.

4.6.e) Contidos

Contidos
Normativa ambiental, de benestar animal, de montes e de prevención de riscos laborais.
Normativa ambiental, de montes, de contaminación no medio natural, de obras e de prevención de riscos laborais.
Fontes de contaminación. Contaminantes no medio físico de espazos naturais. Contaminación orgánica e química. Indicadores xerais de contaminación.
Procesos de contaminación. Alteracións na auga indicativas de contaminación. Consecuencias para o equilibrio do medio natural. Control e loita contra a contaminación das augas: usos. Ciclo da auga.
Toma de mostras de residuos e vertidos de vexetais ou animais ao medio natural: instrumentos e metodoloxía.
Identificación de mostras. Envío de mostras para análise.
Informes para o control da xestión de residuos.
Caudal circulante: cálculo e interpretación de resultados.
Equipamentos automáticos de empresas xeradoras de residuos: funcionamento e control.
Auditorías ambientais. Responsabilidades de persoas ou entidades nos incidentes ambientais que se produzan no medio natural.
Normativa ambiental, de montes e de prevención de riscos laborais.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para acadar unha avaliación positiva ao final de curso o alumnado deberá ter os coñecementos teórico prácticos suficientes para demostrar que se acadaron os resultados de aprendizaxe ou mínimos esixibles.

5.1. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva.

En cada unidade didáctica figuran os mínimos esixibles, e os criterios de avaliación.

Para acadar cualificación positiva, en cada avaliación parcial, é necesario superar os mínimos das unidades didácticas desenvolvidas nese período.

Os mínimos esixibles serán os seguintes:

UD1.-Espazos Naturais e instrumentos de protección.

CA1.1 - Caracterizouse a tipoloxía dos espazos naturais.

CA1.2 - Caracterizáronse os instrumentos de protección dos espazos naturais.

UD2.-Xestión do uso público.

CA1.4 - Interpretáronse programas de uso público.

CA1.7 - Aplicouse a normativa ambiental, a normativa específica de uso público e a de prevención de riscos laborais.

UD3.-Vixiancia do Dominio público

CA2.1 - Caracterizouse o dominio público forestal, o hidráulico e o marítimo-terrestre.

CA2.2 - Caracterizáronse as vías pecuarias.

CA2.3 - Describiuse o procedemento de apeo e deslindamento do dominio público.

CA2.5 - Controláronse os trámites para obter autorizacións e concesións, e describiuse o procedemento de denuncia.

CA2.7 - Establecéronse as pautas para evitar a recolección non autorizada de restos históricos ou paleontolóxicos, a súa deslocalización, a súa deterioración ou a súa destrución.

UD4.-Control da flora e fauna do medio natural

CA3.1 - Coordináronse e organizáronse os recursos humanos e materiais no control das especies de flora e fauna do medio natural.

CA3.2 - Analizáronse os niveis de protección das especies vexetais e animais.

CA3.4 - Describíronse os métodos de localización e eliminación de exemplares de especies exóticas de flora e de fauna.

CA3.6 - Describíronse os traballos nos centros de recuperación, xardíns botánicos e centros de cría en cativeiro.

UD5.-Equipamentos e obras no medio natural

CA4.2 - Analizáronse os equipamentos para a conservación do medio natural.

CA4.4 - Interpretáronse proxectos de obras no medio natural.

CA4.5 - Comprobose que os medios que se vaian utilizar estean dispoñibles e en condicións de uso.

CA4.6 - Organizouse o abastecemento de materiais en lugares que non produzan impacto.

CA4.7 - Seleccionouse e supervisouse a utilización da maquinaria, as ferramentas e os equipamentos.

UD6.Control de residuos e verquidos no medio natural

CA5.1 - Identificáronse os contaminantes no medio físico de espazos naturais.

CA5.2 - Valoráronse os procesos de contaminación no medio físico de espazos naturais.

CA5.3 - Recolléronse as mostras de distintos tipos de vertidos e residuos, solos, vexetais e animais do medio natural.

CA5.6 - Estimáronse os caudais circulantes nun curso de auga e en vasos de acumulación.

5.2. A calificación final da avaliación determinarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Probas escritas. No momento de realización estará indicada de forma numérica o valor de cada suposto, pregunta ou exercizo. No momento de entrega dunha proba escrita ao profesor o alumnado deberá asinar un rexistro de entrega que se porá a disposición deste, deixando así constancia da asistencia e entrega da proba.
- Traballos. Valoraranse aqueles traballos que indique o profesor entregados en prazo indicado.

O alumnado que supere positivamente as tres avaliacións, terá unha calificación final que coincidirá coa obtida na terceira avaliación, o valor numérico de esta avaliación será a media aritmética das tres avaliacións realizadas durante o curso académico.

Para o alumnado que teña algunha avaliación non superada, logo de realizada a terceira avaliación, deseñárase unha proba final onde se poderá recuperar por separado cada unha das avaliacións pendentes non superadas. Os traballos realizados durante o curso poderá volvelos a realizar o alumno para a súa mellora ou cando non os tivera realizado, se decidira non repetilos ou non realízalos continuarán tendo o mesmo peso na proba final, que o que tiveron no seu momento na avaliación parcial. A calificación final, para este tipo de alumnado, será a media das avaliacións superadas, sendo condición imprescindible superar positivamente en algún momento, (nas probas realizadas en cada avaliación ou na proba final), as tres avaliacións. A nota final non será superior a 4 sempre que non se teñan superado positivamente as tres avaliacións nas probas realizadas durante o curso.

Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua, deseñárase unha proba final extraordinaria antes da avaliación final. (ver apartado 6.b.)

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Aplicaranse os establecidos na normativa vixente.

5.3.-Procedementos e instrumentos de avaliación.

Avaliarase a aprendizaxe dos alumnos/as, o proceso de ensino-aprendizaxe e a práctica docente.

Os tipos de avaliación que se realizarán son: inicial de coñecementos previos, continua, final e extraordinaria de módulo co fin de obter unha información e valoración que permita tomar decisións de cara ao futuro acerca do funcionamento de todo o proceso.

En canto ás técnicas ou instrumentos empregados para a avaliación, recurrirase a:

- Probas convencionais escritas que poderán incluíra resolución de supostos prácticos.
- Probas prácticas.
- Entrega e exposición de traballos que porerán incluír a resolución de problemas e cuestionarios propostos polo profesor.

Ante a imposibilidade de asignar calificacións con decimais, redondeando as notas numéricas que superen o cinco, concederáselle o alumno/a a calificación numérica inmediatamente superior cando obteña 6 ou mais décimas (Exemplo 5,5=5; 5,6=6). En todo caso consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos que se acaden sen redondeo previo. Calquera nota inferior a 5, con decimais ou sen eles, considerarase negativa e non acadará a avaliación positiva.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación deseñaranse individualmente para cada alumno/a, centrándose nos resultados de aprendizaxe non acadados. Polo tanto terase en conta o informe de avaliación do alumno, cando este non obtivo avaliación positiva.

Naqueles resultados de aprendizaxe que precisen unha especial destreza e habilidade, programaranse actividades encamiñadas á súa práctica.

Noutros, será preciso recorrer á realización de supostos prácticos ben definidos, que teñan en conta os contidos relacionados cos resultados de aprendizaxe. A realización destes supostos obriga ao alumno a revisar a documentación de cada unidade didáctica, baixo a supervisión do profesor. Tamén se realizarán aqueles traballos que o alumnado non entregou durante o curso ou se repetirán cando non se realizaran correctamente con anterioridade.

Para cada unha das unidades didácticas realizarase unha batería de preguntas curtas e supostos prácticos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que superen o 10% de faltas inxustificadas terán perda do dereito a avaliación continua, según a normativa vixente. Para eles se realizará unha proba onde se inclúan todos os criterios de avaliación, onde os mínimos esixibles serán os mesmos que na avaliación ordinaria.

Para superar este módulo e acadar a avaliación positiva o alumno deberá superar unha primeira parte teórica, deste xeito poderá acceder a realizar unha segunda proba práctica. Superar cada proba implica acadar

unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 en cada unha delas. A cualificación final será o resultado de facer a media entre ambas partes. En cada unha das partes, no momento de realización, estará indicada de forma numérica o valor de cada suposto, pregunta ou exercizo.

Empregaranse os criterios de cualificación mínimos esixibles que se describen no apartado 4.c. desta programación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento das programacións de cada módulo realizarase cunha frecuencia mínima mensual.

Polo tanto, durante o curso rexistraranse as incidencias e posibles axustes na temporalización, metodoloxía, materiais empregados, ou calquera outra modificación que se considere de interese. Para este seguimento empregarase a aplicación de xestión das programacións

Ademais, con periodicidade mensual, realizarase un seguimento do cumprimento da programación nas reunións de departamento con todo o equipo docente do ciclo.

A avaliación da práctica docente terá en conta dous aspectos:

A análise persoal e con sentido crítico da marcha do curso, os resultados académicos, comprobando se o alumnado entende e asimila os conceptos estudiados.

A opinión do alumnado, a través dunha enquisa a fin de curso, para valorar a opinión do alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O equipo docente do ciclo, coordinado polo titor realizará conxuntamente a avaliación inicial do alumnado, na que se analizarán as características académicas e persoais que puideran ter incidencia educativa.

Nesta avaliación inicial valorarase se hai alumnos con necesidades educativas especiais. Non son coñecidas este tipo de necesidades dentro do alumnado matriculado, en calquera caso se fosen necesarias realizaríanse mecanismos alternativos de avaliación e flexibilizaríanse tarefas en función das necesidades de cada alumno.

Ao comezo de cada unidade didáctica tamén procurará unha posta en común entre os alumnos a respecto do tema que se vai tratar e que servirá para avaliar os coñecementos previos sobre o tema, erros de concepto e interese do alumnado no tema.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realizaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe. Unha vez feita a avaliación de aspectos concretos do módulo tomaranse medidas correctoras para lograr que aqueles alumnos/as que de acordo coa avaliación, presentan carencias con respecto a certos obxectivos. Estas correccións materialízanse en actividades de reforzo consistentes en repetir a proba escrita e correxir ou repetir as probas prácticas. Os contidos actitudinais recupéranse amosando unha evolución positiva ao longo do curso.

De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais**9.a) Programación da educación en valores**

No proceso de ensino aprendizaxe traballaranse os seguintes contidos relacionados coa educación en valores:

A igualdade de xénero: linguaxe non sexista, non discriminación de tarefas por sexos, cultura ou relixión.

Compromiso ético cos valores de conservación e defensa do patrimonio cultural da sociedade

A diversidade como valor enriquecedor: respecto as ideas e ideoloxías dos compañeiros e compañeiras e traballo en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Viaxe a un ou varios espazos naturais protexidos, Parque natural ou Nacional do Estado ou da nosa comunidade.

Realización de charlas divulgativas e/ou obradoiros sobre temas relacionados coa conservación do medio natural.

Visita á fundación Oso de Asturias.

Charla proxectos AFOLU/Nbs.

Charla Oso Pardo: conservación, educación e divulgación

10. Outros apartados

10.1) Avaliación inicial

Este apartado recolle un breve cuestionario, como parte específica da avaliación inicial, para identificar o nivel de competencia ou carencias que presenta o alumnado.

Cuestionario específico do módulo Xestión da conservación do medio natural.

- 1.-Define ecoloxía e espazo natural protexido.
- 2.- Que tipos de espazo natural protexido coñeces?, pon exemplos.
- 3.-Cita a lexislación medioambiental que coñezas.
- 4.-Que é a Rede Natura 2000?
- 5.-Que especies coñeces que sexan vulnerables as súas poboacións?
- 6.-Enumera os Parque Nacionais que coñezas.
- 7.-Que se representa nunha pirámide de poboación?
- 8.-Explica os tipos de contaminación que coñezas.
- 9.-En que consiste a eutrofización?
- 10.-Define dominio público

10.2) Educación a distancia

As aulas virtuais utilizaranse de xeito habitual durante o curso e tamén nos supostos de educación a distancia e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. Nos supostos anteriores habilitaranse fórmulas de comunicación como foros, email ou vídeo chamadas para manter contacto co alumnado e, de ser posible, fornecer contidos educativos, especialmente as prácticas relativas ao módulo que se substituiran, dentro do posible, por vídeos explicativos.

Do mesmo xeito, no suposto de educación a distancia, o aula virtual constituirá a principal ferramenta para a avaliación do alumnado.